

OS GALEGOS CONTRA A CAUSA  
(UNHA LECTURA DE PANIAGUA Y COMPAÑÍA.  
AGENCIA DE SANGRE)

*Ramiro Fonte*  
Instituto Castelao (Vigo)

Cos grandes autores da nosa literatura sucede un feito paradoxal. Por unha banda, non deixan de estar presentes na nosa vida literaria e cultural, pola outra, temos a impresión de que aínda están sen ler coa atención que as súas obras reclaman. A grande obra (creo que o dicía Adorno) sempre pode agardar, pero, ¿non estaremos agardando demasiado? Certo é que as grandes obras literarias son aquelas que nolo poñen máis difícil á hora de esgotar os seus contidos. Cada xeración adoita lelas dun xeito diferente: ás veces convérteas en campo da crítica; outras en estatuas. As estatuas corren o perigo de que algúns queiran baixalas da peaña. Hai movementos estéticos que, coma os primeiros instantes das revolucións, deixan as peañas baleiras. Cando falamos de Curros Enríquez, como cando falamos de Rosalía de Castro, estamos a falar dos necesarios referentes da nosa moderna tradición lírica, pero a estes referentes sucédelles o que ás estatuas dos parques das nosas cidades. Sabemos que están aí pero, cando pasamos á súa beira, xa non nos detemos a ollalas. O bo lector non debe ser, no fundamental, un contemplador de estatuas e si alguén que volve entusiasmarse pola verdade da escritura, e deste xeito debe atreverse a abrir a obra dos nosos grandes autores sen medo e sen prexuízos para dialogar con elas.

Correspóndeme a min, debido a un xogo de azares, deseñar un ámbito de reflexión onde poidamos incardinar a novela de Curros Enríquez *Paniagua y compañía. Agencia de sangre*. Debo indicar que duns anos a aquí sentín a necesidade de reler a obra de Curros e, cando me atopei con esta obríña curiosa, na edición das escollidas de Aguilar, a miña primeira sorpresa foi que nunca eu oíra falar dela a ninguén; a miña segunda sorpresa foi atopar expresadas moitas das ideas políticas de Curros cunha nitidez desconcertante. Lendo *Paniagua y compañía* atopei, con respecto a Curros,

a proba de algo que sempre intuín. É infrecuente que un gran poeta escriba mala prosa, aínda que non ten por que escribir grandes novelas. Esta non é, seguramente, unha gran novela, aínda que si un texto interesantísimo para saber qué pensaba Curros de certos acontecementos da época, e atesoura fragmentos de estilo verdadeiramente bos. Isto levábame, ademais, a corroborar o feito de ser Curros (e aquí volve emparellarse con Rosalía) un escritor total, e que, como poeta moderno que foi, tocou case todos os xéneros. Poderíamos colixir que fixo un uso da poesía pero fixo tamén un uso da crítica, sexa esta poética ou política. Curros Enríquez foi un home dedicado por enteiro á escritura, e deste labor integral xorde a súa obra xornalística, teatral, novelística e poética. Por iso, para comprendermos con certa obxectividade a súa obra debemos relela en conxunto. Pode ser certo que seus os cumes sexan *Aires da miña terra* e *O divino sainete*, pero temos a obriga de xulgar as bases e, mesmamente, os arredores. A prosa que escriben os poetas debe ser considerada, dun xeito determinante, cando xulgamos as súas obras e, aínda máis, a súa poesía. Por pormos un exemplo recoñecido por todos, un dos ideoloxemas máis identificables en Curros, o anticlericalismo, atopa nesta novela moitas das súas razóns.

Pero *Paniagua y compañía* amósanos, ademais, a concepción do xénero novelístico de Curros. Situado na tradición realista, el quere escribir unha novela na que se fagan visibles os acontecementos de época. Trátase dunha novela que intenta fornecer nos de materiais cos que poidamos reconstruír unha problemática social, política e ideolóxica. A novela devén en documento de cultura e pode servir como documento de primeira orde ós historiadores. Igual que a poesía se converte en filón filosófico para o ensaísta, unha novela como a de Curros é un bo filón para os historiadores. Podemos dicir, en principio, que estamos perante unha novela histórica ou unha historia novelada. Como novela histórica apróvéitase, como veremos, de materiais específicos da ficción; como historia novelada de materiais específicos do xornalista, do ideólogo, do libelista, podería ser dito tamén.

Chegados a este punto, debemos indicar que, ó abrir as páxinas de *Paniagua y compañía*, procedemos como se abrísemos a

caixa de Pandora dun dos máis complexos trazos de época do XIX español, que é o carlismo. Sabido é que os historiadores non o teñen doado cando se enfrontan cun século tan inestable, con ese labirinto español do que falaba Brenan, e dentro deste, dun xeito especial, co carlismo e coas tres guerras que provocou. Case todos gardan ben as súas costas dicindo que é un fenómeno complexo. Non me corresponde a min internarme agora nese labirinto, porque non tería tempo de falar da novela, pero si acaso suxerir que aqueles que defenden hoxe, que son moitos, a actualidade do tema, estaría ben que lle botasen unha ollada ás opinións de Curros.

Como sabemos, Manuel Curros Enríquez, enviado polo xornal madrileño *El Imparcial*, asiste como correspondente de guerra, a finais do 1875, á campaña do Norte. Son os episodios da terceira e última das guerras carlistas, digamos, históricas. Entreabramos a penas a porta do labirinto. Os partidarios de don Carlos, o autoproclamado, Carlos VII, o cuarto dos pretendentes, volveran á guerra en 1873. A Primeira República arrastrara ó seu campo ás forzas da reacción. Personaxes como Cándido Nocedal, galego de nación, por certo, ou o franciscano Manterola, hoxe perdidos entre as follas dos libros de historia. A camarilla de don Carlos, coa súa corte en Estella. O chamado Cuartel Real que se vai movendo polas vilas tomadas (O *Cuartel Real* é tamén o nome do xornal no que se proclaman as fazañas dos carlistas, como nos lembrará Curros). Un ministado no norte con fábricas de armas e universidade. As xuntas da retagarda. Os conspiradores. Unha guerra moi literaria e, sobre todo e como todas as guerras civís, unha guerra cruel. Estes son trazos de época, que podemos rastrexar nos libros de historia e nas novelas e (o que é máis inquietante) en futuros acontecementos. A posición de Curros non pode estar máis clara. El ten de todo isto un coñecemento de primeira man. É un reporteiro de guerra, ó servicio dun dos bandos. Ó seguirmos as *Cartas do Norte* vémolos mover polos escenarios de guerra. Entra nas vilas vascas que caen en mans dos exércitos liberais. As cartas rematan en febreiro de 1876, que é cando Primo de Rivera reconquista Estella, e Carlos VII marcha cos moitos dos seus seguidores ó exi-

lio. Alberto Vilanova refírese, así e todo, a un dramático suceso da biografía de Curros, sombrío como tantos outros: o poeta recibe un tiro dun oficial co que convivía, que está a piques de matalo.

As *Cartas do Norte* son, xa que logo, paralelas a *Paniagua y Compañía*. Delas proceden moitas das probas documentais que Curros emprega na súa novela, sobre todo, na segunda parte. Pensamos que hai que lelas conxuntamente. Son textos que se complementan. No fondo, quen as escribe, é un mesmo narrador. Nese mesmo escenario histórico move Curros os seus personaxes. É un escenario que el coñece ben porque estivo nos sitios e nas trincheiras, andou entre os soldados e entrou nos hospitais de sangue.

Esta terceira guerra carlista foi, xustamente, a que novelaron os grandes escritores en castelán que se moven nas coordenadas do modernismo e o 98. Aínda que só fose por iso, merece a pena considerar o antecedente de Curros. Non é infrecuente que un escritor novele a guerra dos pais ou dos avós. Temos o exemplo do que significou a Guerra Civil americana na novelística de Faulkner. A memoria herdada chega a converter a barbarie bélica en lenda. Como contrapunto, temos a literatura producida *in situ* como a que Jünger ou Graves, por citar ambos os bandos e dúas obras de primeira magnitude, fixeron na Primeira Guerra Mundial. Sería lóxico indicar que as novelas de Unamuno (*Paz en la guerra*), Baroja (ciclo de *Aviraneta*) ou Valle-Inclán (a triloxía da guerra carlista e *Sonata de Invierno*) terían máis que ver coa primeira posibilidade; a de Curros entraría doadamente nese xénero da novela na guerra. *Paniagua y compañía* fala duns acontecementos que presenciou o autor, cando as cousas estaban aínda moi próximas; as feridas non cicatrizaran de todo nin o sangue secara aínda.

A segunda metade da década de 1870 é a das máis fructíferas da biografía literaria de Curros. Nela escribe *Aires da miña terra* e tamén *Paniagua y compañía*. *Agencia de sangre*. A novela publícase en folletín no xornal coruñés *El telegrama*, en 1877 e, con posterioridade, pasa ó tomo 4º das completas de Hernando, facendo volume, conxuntamente, con *El último papel*, *Hijos ilustres*

de Galicia e Artículos escogidos. É interesante reparar no subtítulo que lle pon Curros, quen data a novela en Madrid, en 1877. *Memorias de un corresponsal periodístico*. Podemos pensar, xa que logo, que a súa intencionalidade é compoñer un texto moi semellante ás cartas, un libro de xornalista que, ó mesmo tempo, se aproveita dos materiais da ficción, supoñemos que para gañar en verosimilitude ou para conmover ó lector.

A fidelidade a unha época e a uns acontecementos, a ollada da testemuña, a mesma precisión do reporteiro, fican inscritas na primeira liña, no arranque da narración, dun xeito decisivo. “Habían sonado las nueve de la noche del 31 de julio de 1875”, que nos sitúa nuns meses antes da partida do propio Curros para as fronteas de guerra. O espazo non pode estar mellor escollido para os propósitos do autor: o porto da Coruña, nunha tarde de verán, nesta capital que parece allea ós acontecementos bélicos. Con respecto a isto, refire Alberto Vilanova unha opinión de Linares Rivas, para quen o ambiente local vén imposto polo feito de publicarse a novela na Coruña. Sen embargo, ó noso xuízo, parécenos un acerto a escolla deste espazo narrativo que, ademais, é moi coherente cos presupostos ideolóxicos da novela. Curros elixe o marco dunha paisaxe urbana e dunha cidade que é, supón el, un símbolo do liberalismo. O noso poeta non é descoñecedor da tradición liberal coruñesa, alimentada no século XIX, entre outras, polas figuras de Porlier, Espoz y Mina e a muller deste, Juana de Vega, que manti-vera un salón liberal e a quen está dedicado, pensamos que con clara intención política, o *Album de la caridad*. Diría máis: isto chega a ser premonitorio, porque el, o mesmo Curros, acabará constituíndose, con posterioridade, nun emblema para o liberalismo coruñés.

A carlistada en Galicia foi, como sabemos, tema literario das obras de Emilia Pardo Bazán e, posteriormente, de Otero Pedrayo, pero aparecía desenvolvido no ámbito dunha Galicia rural, nesa Galicia do Antigo Réxime na que andaban envoltos, nesa mesma causa, os fidalgos, os cregos e as partidas. A paisaxe que nos propón Curros é, atreveríame a dicilo desde unha concep-

ción baudeleriana, máis moderna pero tamén máis política. Paniagua, o verdadeiro protagonista da novela, é un conspirador que se cobre coa máscara do anonimato que lle ofrece a multitude para proceder sen deixar rastro. Nesta Coruña liberal, un tanto despreocupada, Curros crea os baixos fondos do carlismo, no que se moven os dous axentes secretos (a expresión é súa). Por momentos parece que imos entrar nunha novela de detectives, como se Curros xa estivese pensando na literatura de Poe ou de Baudelaire.

Dous personaxes abren a obra: Juan, un mozo mariñeiro, e don Ambrosio Paniagua, o recrutador de soldados para a causa. Esa noite Juan debe embarcar para o País Vasco. A necesidade económica e os engados de Paniagua, o recrutador, como logo sabermos, empúrrano á aventura da guerra.

Os dous axentes secretos, recrutadores de soldados en Galicia para a causa, por mandato directo de don Carlos, son Ambrosio Paniagua e o *Páter*. Os retratos que deles fai o autor non poden ser máis desapiadados. Son dous verdadeiros malvados de novela. O primeiro é un arquetipo de virchaquetas, de home que sobrevive ós acontecementos, de persoa sen ideais. Este fora, anteriormente, un militar liberal. O vicio do xogo levouno ó bando carlista, no que tivera doado o ascenso a tenente coronel. O *Páter*, un escolapio exclaustrado (Curros proxecta nel dunha maneira esaxerada o seu anticlericalismo), está tamén descrito coas cores que definen as máis baixas conductas. Quizais o trazo máis extremo do seu carácter é que se trata dun pedófilo. Ambos os dous dispoñen a beneficio propio dos fondos de diñeiro que lles envían. Creo que poucas veces os nosos escritores teñen creado semellante parella de malvados. Curros sérvese dela dun xeito moi pedagóxico para exemplificar esas dúas figuras arquetípicas do carlismo: o militar e o crego. O *Páter* poderíamos comparalo con outros personaxes, reais ou imaxinarios, que tiveron o seu correlato na literatura de temática carlista, entre eles o cura Santa Cruz ou ese exclaustrado de Oseira, Frei Ambrosio, que aparece en *Sonata de Invierno*. Non me resisto a citar aquí a curiosa e sorprendente serie de “Sonetos Vascos” do gran poeta modernista uruguaio Herrera y Reissig. Un deles titúlase xustamente “El jefe negro” e remata con este alexan-

drino que define maxistralmente esta confraría de cregos guerreiros: “Y la mano que mata es la mano que absuelve”.

Opostos á parella dos axentes secretos carlistas están as que podemos considerar as vítimas da historia: esa familia humilde de mariñeiros, os Comba, que viven cabo deles en Riazor. Todo o que ós Comba lles sucede conforma un verdadeiro melodrama. O pai, Ignacio, está enfermo de cancro, ten os membros eivados e vive da esmola. O seu fillo Lucas está na guerra, loitando no bando liberal, a Juan xa o coñecemos (vai ó bando carlista, recrutado por Paniagua), e a súa filla María, unha nena, está a piques de caer nas mans do *Páter*. Alén de todas estas desgracias, o que nos interesa da familia é que nela vai exemplificar o autor a traxedia da guerra civil. Eles (o pobo baixo) son os perdedores e, como tales, a ollada de Curros é solidaria con respecto a eles.

Certamente, as concepcións ideolóxicas de Curros poden resultar reduccionistas e unilaterais, pero temos que pensar que é unha desas novelas de guerra, na que o autor opta por un dos bandos. Curros é un liberal que se enfrenta ó carlismo coas armas do escritor, pero tamén coas armas da propaganda. É unha novela ata certo punto desaxeitada, nela cabe todo: a ficción, a propaganda, a reportaxe, pero é un texto moi interesante para comprobar as poderosas conviccións de Curros sobre o tema. É unha novela na que loitan os homes, pero tamén loitan as ideas. Son moi significativas unhas palabras do propio don Carlos, que aparece como personaxe da obra, cando decide enviar a Ambrosio Paniagua e o *Páter* a Galicia para recrutaren soldados:

Galicia, a pesar de cuanto se diga, es un país eminentemente liberal. El espíritu moderno revolucionario vive entre aquellas montañas, como la salamandra en el fondo del lago tranquilo. Es necesario extirpar este monstruo: es necesario sorprenderle en su guarida y asesinarlo a traición.

E o narrador omnisciente, ó que se lle notan moito as ideas do propio Curros, porque, a fin de contas, el tamén é o personaxe reporteiro, dirá:

(Aquellas proclamas...) donde no sólo se condenaba irrevocablemente la ciencia moderna, la libertad y el progreso de las naciones sino que se llamaba al arma y se izaba el estandarte de la guerra, como si se tratase de una nueva Cruzada.

O anticarlismo de Curros é absoluto. Son condenables as ideas e as persoas que as sustentan. No fondo, nin Paniagua nin o *Páter* se moven por ideas senón por vicios e por cartos. Acaban traizoándose entre eles polos fondos que manexan. Nada máis lonxe desa defensa da tradición por estética que Valle-Inclán realiza en *Sonata de Invierno* (de todo o que relín paréceme o gran texto de temática carlista), que merece ser citada pola súa fermosura e non sei se polo seu cinismo histórico, aínda que ben sabemos que, cando Valle escribe isto, o carlismo ten a auréola poética das guerras perdidas. Bradomín confésalle a Frei Ambrosio que se alegraría de que non triunfase a causa:

Y era verdad. Yo hallé siempre más bella la majestad caída que sentada en el trono, y fui defensor de la tradición por estética. El carlismo tiene para mí el encanto solemne de las grandes catedrales, y aun en los tiempos de la guerra, me hubiera contentado con que lo declarasen monumento nacional.

Pero mentres Valle-Inclán move a Xavier Bradomín polos meses finais da Corte de Estella, entre os seus amores, don Carlos, os militares e os cregos, Curros sitúa os seus personaxes nas trincheiras da guerra, e así a segunda parte de *Paniagua y compañía* desenvólvese nas liñas da fronte. Como xa dixemos, esta parte da novela aproveita os mesmos materiais das *Cartas del Norte*. Nun momento di o narrador: “Nosotros que en la última campaña hemos representado en el Norte a *El Imparcial*”. A cidade liberal (A Coruña) oponse á paisaxe absolutista da guerra (o País Vasco) como dous escenarios antitéticos. Isto, como levamos suxerindo, conforma unha das claves ideolóxicas do texto. “El absolutismo no se comprende hoy en ninguna parte y se comprende allí”. E estoutro fragmento, moi significativo:



El territorio vasco tiene en sus montañas un tesoro, ese tesoro que nosotros llamamos el cadáver del pasado; tiene privilegios, tiene fueros.

La raza euscara, su hija, tiene también una consigna: la consigna de guardar ese cadáver.

Nese territorio hostil e accidentado Curros move os seus personaxes de ficción e, ó mesmo tempo, faino obxecto das súas ideas. Os episodios determinantes de novela suceden en Guetaria e Zarautz, dous dos lugares que visitou como reporteiro de guerra. En Guetaria resiste o cerco dos carlistas o batallón de Mondoñedo. Aquí están eses galegos contra a causa que nos serven de título aproximativo deste traballo. Un dos propósitos de Curros é, xustamente, a lembranza das súas fazañas. Entre os soldados atópase Lucas Comba. A Zarautz chega enviado, despois duns meses de preparación como artilleiro, o seu irmán Juan. A Curros interésalle trasladar ó lector, do xeito máis directo e eficaz, a crueldade da guerra civil, o vello pecado cainita: o irmán que mata ó seu irmán. Na primeira acción de guerra, Juan Comba mata cunha bala de canón ó seu irmán Lucas. Logo de decatarse do que fixera, entolece. Alí chega tamén o seu pai moribundo e a súa irmá.

Dous novos personaxes cumpren a función de sinalarnos as diferencias entre os guerreiros dos dous bandos. O tenente Próspero Cirujeda, que é quen lle manda a Juan disparar contra as posicións de Guetaria, descrito deste xeito por Curros: “hombre de setenta años, absolutista predestinado que, después de una campaña realista con Fernando VII, carlista con Carlos V, miguelista con don Miguel de Portugal y pontifical con los zuavos de Pío IX”. O outro é un personaxe histórico, o brigadier Mariné: “hijo de un héroe de guerra de la Independencia; hermano de un mártir cuya sangre se ofreció en holocausto por la libertad de nuestra patria en el calvario de Carral”. Trátase, como é de ver, de establecer un antagonismo (como sucede no conxunto da novela) entre os heroes negativos e os heroes positivos.

Por unha banda, os acontecementos que concirnen á familia Comba acaban convertendo a novela nun folletín lacrimóxeno;

pola outra, a través de Mariné asistimos ó esborrallamento definitivo da loita dos carlista e ó final da guerra, como se estivesemos lendo un libro de historia ou unha reportaxe de xornal.

Interésanos facer aquí mención a estes meses finais da terceira guerra carlista desde o punto de vista dun escritor que presenciou os acontecementos desde o outro bando; quizais así podamos buscarlle un contrapunto ó texto de Curros. Trátase de alguén que tamén asistiu a semellantes episodios de guerra, que escribiu as súas reportaxes e que deu testemuño, pero desde o bando dos carlistas. Refirome a un escritor hoxe case esquecido, Julio Nombela, que tivo moito éxito no XIX e que gañou moitos cartos coa literatura. Nombela, que foi un escritor e un político da causa nesta terceira guerra carlista, escribiu unha novela titulada *Detrás de las trincheras*. É interesantísimo o seu monumental libro de memorias *Impresiones y recuerdos*, no que retrata a vida social, política e literaria da segunda metade do XIX e que, en certo senso, cumpre unha función semellante á de Cansinos Asséns coa súa *Novela de un literato*, que é un dos mellores espellos que un coñece da vida literaria española do primeiro tercio do século XX. Nas memorias de Nombela atopamos un material de primeira man sobre cómo estaban organizadas as xuntas carlistas (el mesmo formou parte da xunta de Madrid), das batallas das fronteas e dos sitios no País Vasco e, aínda máis, do mundo de intrigas que se movía arredor da Corte de don Carlos, da que el chega a ser figura destacada. E tamén debuxa a mesma crueldade da guerra, contemplada desde o outro bando:

En las postrimerías de la primavera de 1874 tomó la guerra un aspecto terrible; los combates eran frecuentes y encarnizados, los enemigos no se daban cuartel, los puertos del Cantábrico eran bombardeados a menudo; la muerte del marqués del Duero, general en jefe del ejército republicano, acaecida en el campo de batalla, consternó al gobierno, pero aumentó su odio al carlismo; arreció la lucha en Cataluña, el Centro y el país vascongado, se multiplicaron con verdadero ensañamiento las persecuciones de los liberales a los que simpatizaban con la causa de don Carlos, de éstos a los pacíficos habitantes de las poblaciones en donde dominaban y deseaban,

aunque platónicamente, el triunfo del gobierno constituido. Una verdadera y furiosa locura se apoderó de unos y otros.

A lectura de *Paniagua y compañía* en futuros estudos obrigaranos a facer comparacións coa literatura de combate, producida a favor e en contra desta guerra, desde o bando do liberalismo ou desde o bando do absolutismo. No fondo, como sabemos, toda a loita política e poética de Curros, as súas armas e as súas letras, proclamou a defensa do romanticismo liberal fronte ó absolutismo.

Debo dicir que a min me serviu para volver achegarme a certos textos. Sempre se di que na literatura española e, aínda menos na galega, non existe, a diferenza doutras, a tradición memorialística, pero o certo é que, cando nos convertemos en cazadores de libros semiesquecidos, atopamos algúns libros de memorias de verdadeiro interese. E así como as memorias de Nombela e as cartas e a novela de Curros nos permiten reconstruír a memoria dunha guerra civil cruel que non debía repetirse e que, sen embargo, se repetiría (a historia é tan traizoera que os carlistas si que gañaron a Guerra Civil do 36 e lograron entrar, o que non conseguiran, na cidade liberal). Esa cidade liberal de Curros (A Coruña) podemos comprendela noutro libro que non me resisto a reivindicar: as memorias de Juana de Vega, Condessa de Espoz y Mina.

Todo poeta epocal, que escribe a súa palabra no seu tempo (e Curros foino), intenta reconstruír e dar en herdo ás xeracións futuras algo que pode ser definido como memoria colectiva, salvando as cousas do esquecemento.

A novela de Curros remata cun colofón inquietante. O *Páter* e Paniagua atópanse en Madrid, unha vez que finalizou a guerra. Os dous malvados sobreviven ós acontecementos. O *Páter* é agora un cóengo rico, de poderosas influencias e, gracias a el, Ambrosio Paniagua ve recoñecido o grao de tenente coronel. Quero rematar cunha última reflexión: comparemos o destino de Paniagua cun dos personaxes principais desta obra, que é o propio Curros Enríquez erixido en narrador. A peor das ironías da historia dentro do labirinto español fai que Ambrosio Paniagua se acomode á nova situación, e marche a Cuba como tenente coronel. Moi poucos anos

despois da publicación desta novela, as gadoupas do absolutismo inquisitorial caen sobre a obra de Curros. El díxoo mellor ca nós. “Ai do que leva na fronte unha estrela”. Aquí comeza, pois, o escepticismo histórico. Eis o destino tráxico dos nosos liberais. Sempre perden os mesmos. Polo que a este relator concirne, perdoádelle o ton decididamente decimonónico destas palabras. Pero disto se trataba. Dúas licencias finais, inquietantes coma as nubes negras: Walter Benjamin aprendeunos que nos documentos de cultura do século XIX estaba xa escrita a barbarie do século XX. Unha das máis importantes sinfonías creadas no século XX, a 7ª de Shostakovich, escribea o seu autor en pleno sitio de Leningrado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Curros Enríquez, Manuel, *Obras escogidas*, Ed. Aguilar, Madrid, 1956.

Valle-Inclán, Ramón, *Sonata de Otoño. Sonata de Invierno*, Colección Austral, Madrid, 2001.

Nombela, Julio, *Impresiones y recuerdos*, Ed. Tebas, Madrid, 1976.

Carr, Raymond, *España 1808-1939*, Ed. Ariel, Barcelona, 1970.

Vilanova Rodríguez, Alberto, *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1953.